

BASES XII CONCURSO DE TAPAS DE LUGO

1. PARTICIPANTES:

Poderán concursar todos os establecementos de hostalería do Concello de Lugo que estean inscritos no rexistro de establecementos e actividades turísticas da Xunta de Galicia (REAT).

2. COTA DE INSCRICIÓN:

A cota de inscrición no concurso será de 100,00 € para os socios de APEHL (**que estén ó día no pagamento das cotas** e sexan asociados antes do día 1 de xaneiro de 2016) e de 300,00 € para os que non estean asociados na APEHL.

As cotas irán destinadas á organización e promoción do concurso.

3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:

- A. Cada establecemento participará cunha única tapa. Os ingredientes e a elaboración da tapa describiránse na ficha técnica que irá acompañada da fotografía da tapa que vaise servir durante o concurso.

- B. O prezo de venta ao público terá un valor a criterio do hostaleiro que será entre 1,00€, e 3,00€.
- C. Os establecementos inscritos deberán expoñer ó público o cartel que se lle facilite co nome da tapa coa que participen e o prezo da mesma.
- D. As tapas deberán estar dispoñibles para o público **como mínimo de 13:00 a 15:30 horas e de 20:00 A 22:30 horas.**
- E. Todas as tapas que queiran acceder a categoría de tapa ecolóxica, " NaturaLugo " serán revisadas polo CRAEGA, que decidirá si pode optar ou non a dita categoría.
- F. As categorías de valoración serán as seguintes:
- Xurado popular:
 - o Gañador do Concurso (Tapa máis votada polo público)
 - o Tapa Ecolóxica , " NaturaLugo " (Tapa máis votada polo público) elaborada con produtos ecolóxicos que se comercialicen baixo o selo do CRAEGA.

- Xurado técnico
 - o Primeiro premio
 - o Segundo premio
 - o Terceiro premio
 - o Distintos maridaxes (Estrella Galicia, Ribeira Sacra, etc...)

G. Entregaráselle a cada establecemento:

- Cartel identificativo como participante do concurso.
- Urna de depósito de votos.
- Cupóns de votacións.
- Folletos publicitarios, válidos tamén como pasaportes

4. DESENROLO DO CONCURSO:

4.1. INSCRICION:

O prazo de inscrición será do 6 ao 20 de xullo, ambos inclusivos.

No momento da inscrición presentárase a **ficha de inscrición**, a **ficha técnica da tapa**, o **xustificante de pago** e a **fotografía da tapa**. A fotografía debe ser da máxima calidade.

Características mínimas admisibles para a fotografía: 210 mm x 150 mm con resolución de 300ppp.

- E-Mail: comunicacion@apehl.org
- Nas oficinas desta Asociación : Rua Ramón Montenegro, 15 entlo Lugo.En horario de 9:00h. a 14:00h.

4.2. FASES DO CONCURSO:

- CONCURSO: desenrolarase dende o **9 ao 25 de setembro de 2016**, ambos inclusives.
- FINAL DO CONCURSO: Nesta fase só participarán os 12 establecementos mais votados polo público e terá lugar do **4 ao 6 de novembro**.

4.3. RECONTO DE VOTOS:

O día 26 de setembro, membros da APEHL recollerán as urnas dos distintos establecementos participantes. Nos seguintes días procederase ó recuento de votos e determinaranse os 12 establecementos finalistas.

O gañador do concurso, o gañador da tapa ecolóxica , " NaturaLugo " e os 12 finalistas, daranse a coñecer no salón de plenos do Concello de Lugo durante as festas do San Froilan, polo que ese día deberán asistir todos os participantes do concurso para coñecer o resultado do mesmo.

O día facilitado polo Concello comunicarase ca antelación suficiente por e-mail.

5. VALORACIONES:

Xurado Popular: Os consumidores das tapas do concurso mediante os seus votos.

Será o voto válido cando o cupón de votación esté selado por **un establecemento**, participante no concurso. Neste cupón irá o nome do establecemento votado, os datos do consumidor e a súa valoración (poderá puntuarse de 1 a 5 puntos, sendo 1 a puntuación mais baixa e 5 a mais alta).

A valoración final será a media do número de puntos obtidos entre o número de votos emitidos.

Os cupóns de votacións que non teñan todos os datos esixidos serán anulados.

O Xurado Popular decidirá a **tapa gañadora do concurso**, a **tapa elaborada con produtos ecolóxicos " NaturaLugo "** e os **12 finalistas**.

As tapas que queiran participar na categoría de tapa ecolóxica , estarán suxeitos a posibles inspeccións dos produtos utilizados.

Xurado Técnico: Estará formado por un equipo de profesionais designados pola organización e relacionados co sector.

O Xurado Técnico, visitará entre os días 4 e 6 de novembro, sen previo aviso, ós 12 finalistas eleixidos polo xurado popular.

O Xurado Técnico decidirá o primeiro premio, segundo premio, terceiro premio e os distintos maridaxes (Estrella Galicia, Ribeira Sacra etc...).

6. FINAL DO CONCURSO:

Nesta fase, do 4 ao 6 de novembro, os 12 establecementos finalistas deberán ter as tapas dispoñibles para o público como mínimo de 13:00 a 15:30 horas e de 20:00 A 22:30 horas.

O Xurado Técnico (que irá debidamente identificado) recorrerá sen previo aviso os 12 establecementos finalistas. Ditos establecementos non cobrarán o importe da consumición e tapa ós membros do xurado.

O incumprimento de calquera dos puntos anteriormente relacionados será motivo de exclusión deste concurso.

7. INFORMACIÓN:

Este ano celébrase en Lugo o **XII CONGRESO NACIONAL DE AGRICULTURA ECOLOXICA** do 21 ao 24 de setembro no Pazo de Feiras e Congresos, coincidindo tamén ca **Feira de Produtos Ecolóxicos NaturaLugo** do 22 ao 24 de setembro.